

## Vantaxes da xornada única

- Mellora as condicións para o rendemento académico ao aproveitar para as clases a fase do día de maior concentración e capacidade intelectual.
- Mellora as condicións para o estudo e o traballo persoal na casa.
- Non se producen interrupcións horarias que perxudiquen a atención e o rendemento escolar.
- Reduce desprazamentos polo tanto aforra tempos.
- Deixa máis tempo para xogar e asistir a actividades extraescolares.
- Posibilita unha mellor planificación das actividades do profesorado e facilita a súa participación en actividades de formación.
- Garante a continuidade na xestión actual do comedor escolar coa colaboración de profesorado e familiares colaboradores/as.
- Garante o compromiso de presentación dun equipo directivo estable comprometido coa xestión do centro.

## DISTRIBUCIÓN HORARIA

### Educación Primaria (Luns, mércores, xoves e venres)

<u>Horas</u>	<u>Sesións</u>	<u>Tempo</u>
9:30-10:25	1ª	55 min.
10:25-11:20	2ª	55 min.
11:20-12:15	3ª	55 min.
12:15-12:45	Recreo	30 min.
12:45-13:40	4ª	55 min.
13:40-14:35	5ª	55 min.
14:35-15:30	Comedor	55 min.
15:30	Transporte	

### Educación Primaria (Martes)

<u>Horas</u>	<u>Sesións</u>	<u>Tempo</u>
9:30-10:25	1ª	55 min.
10:25-11:20	2ª	55 min.
11:20-12:15	3ª	55 min.
12:15-12:45	Recreo	30 min.
12:45-13:40	4ª	55 min.
13:40-14:35	5ª	55 min.
14:35-15:30	Comedor	55 min.
15:30-17:35	Tempo de lecer e biblioteca	
17:35	Transporte	

### ESO (Luns, mércores, xoves e venres)

<u>Horas</u>	<u>Sesións</u>	<u>Tempo</u>
9:30-10:20	1ª	50 min.
10:20-11:10	2ª	50 min.
11:10-12:00	3ª	50 min.
12:00-12:50	4ª	50 min.
12:50-13:15	Recreo	25 min.
13:15-14:05	5ª	50 min.
14:05-14:55	6ª	50 min.
14:55-15:30	Comedor	
15:30	Transporte	

### ESO (Martes)

<u>Horas</u>	<u>Sesións</u>	<u>Tempo</u>
9:30-10:20	1ª	50 min.
10:20-11:10	2ª	50 min.
11:10-12:00	3ª	50 min.
12:00-12:50	4ª	50 min.
12:50-13:15	Recreo	25 min.
13:15-14:05	5ª	50 min.
14:05-14:55	6ª	50 min.
14:55-15:55	Comedor	
15:55-16:45	7ª	50 min.
16:45-17:35	8ª	50 min.
17:35	Transporte	

O Concello e a ANPA do centro encargaránse de organizar as actividades extraescolares todos os días a partir da saída do transporte escolar.

## Que é a xornada única?

Consiste en desenvolver a xornada escolar só en sesión de mañá, sen interrupción e de forma continuada conservando os servizos de comedor e transporte.

## Por que a xornada única?

- Como resposta á crecente demanda por parte de numerosas familias e profesorado do centro
- Aproveitar as horas de maior rendemento escolar para o desenvolvemento
- Favorecer a participación do alumnado en actividades complementarias.
- Facilitar a organización da vida familiar e incrementar a capacidade de autonomía na aprendizaxe do alumnado.
- Implica un xestión estable no centro e favorece a permanencia do profesorado.

## Proceso de implantación da xornada única?

A Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do venres, 6 de xuño de 2008) regula o procedemento

### Requisitos:

- Acordo favorable por maioría dos tres quintos do claustro.
- Acordo favorable por maioría dos tres quintos do consello escolar.
- Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
- Acordo favorable do 58 % do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado (computarase, a efectos de censo, a nai ou o pai ou un dos titores legais).
- Plan de actividades extraescolares.



## PROXECTO DE XORNADA ÚNICA

### CPI LUÍS DÍAZ MORENO

Estrada de Aranza nº 12, 27680  
Baralla

[cpi.diaz.moreno@edu.xunta.es](mailto:cpi.diaz.moreno@edu.xunta.es)

Tf: 982870071